

PREVENCIÓN = SAÚDE



Boletín para nais e pais

A prevención na casa

a mellor axuda

Boletín da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte
Equipo de Prevención

En que consiste a educación en valores

A educación en valores é un concepto amplo e complexo, que esixe a implicación tanto dos mestres e a comunidade educativa como, moi especialmente, dos pais e tamén da sociedade en xeral.

Educación en valores significa estender o alcance da educación de maneira que non se limite ao ensino e a aprendizaxe de materias, habilidades e temarios, plantexándose metas relacionados co ámbito moral e o civismo, con obxectivo final de formar cidadáns responsables.

A través da educación en valores téntase potenciar e afianzar unha cultura e unha forma de ser e comportarse baseadas no respecto aos demais, a inclusión e as ideas democráticas e solidarias.

Na contorna actual, caracterizado pola complexidade social e a globalización económica e cultura, educar en valores perfílase como unha cuestión imprescindible para formar cidadáns que sexan capaces de asumir os novos retos e comprometerse activamente, xogando un papel activo e eficaz na construción dun mundo moito máis xusto, inclusivo, equitativo e intercultural.



Como levar a cabo a educación en valores?

Para que non quede nunha proposta de boas intencións, nin nun elemento residual que se trate de cando en vez en clase, é necesario planificar a educación en valores con criterios serios, formais e obxectivos.

Unha posible organización pode ser tomarse a educación moral e cívica como o eixo principal sobre a cal viren unha serie de temas moi diversos dunha forma transversal.



Algunhas destas cuestións serían:



- A igualdade de oportunidades con independencia do sexo, raza, clase social, orixe, cultura, nacionalidade, relixión, etc.
- Valorar con espírito crítico os valores imperantes na nosa sociedade: costumes, hábitos de consumo, produtos culturais, etc.
- Coñecemento e análise dos mecanismos que rexen a nosa sociedade.
- Enxalzar os valores igualitarios.
- Rexeitar actitudes discriminatorias.
- Ensinar pautas de respecto ao medio ambiente por parte das comunidades e dos individuos.
- Resaltar a importancia do desenvolvemento sustentable nos ámbitos económicos, sociais e culturais da vida do ser humano.
- Potenciar o goce nas contornas naturais.
- Promover a saúde como un valor fundamental e un recurso básico para o desenvolvemento persoal e social.
- Estimular a adquisición de actitudes e hábitos de conduta saudables.



- Eliminar ou reducir ao máximo aqueles comportamentos que levan un risco para a saúde.
- Traballar a educación para a saúde desde unha perspectiva dinámica, persoal e colectiva.
- Coñecer as características e comportamentos humanos no que á sexualidade refírese.
- Levar a cabo programas de educación efectivos na aula e facelos tolerantes con respecto á sexualidade dos demais.
- Facer conscientes ao alumnado do risco que levan certas prácticas sexuais sen ter en conta aspectos preventivos.
- Concienciar da importancia que para a seguridade do cidadán ten o respecto ás normas e sinais de tráfico.
- Xerar hábitos de comportamento ante os accidentes de tráfico, así como ser coñecedores das manobras básicas de primeiros auxilios.
- Crear habilidades nas decisións relacionadas co consumo.
- Fomentar o consumo lóxico e responsable, valorando os efectos sobre o medio ambiente.
- Ter coñecementos sobre os dereitos e deberes do consumidor.




O principal valor desta tipo de educación reside na súa capacidade para actuar como un instrumento que axude a crear unha sociedade mellor, composta por cidadáns críticos e responsables, dispostos a comprometerse por unha sociedade máis xusta e igualitaria que aposte pola promoción da saúde, o medio ambiente, o consumo racional e o desenvolvemento sustentable.

Facebook: Unidad Asistencial de Drogodependencias Monforte de Lemos

SUXERENCIAS E COMENTARIOS:

uad@concellode-monforte.com



Si queredes poñervos en contacto con nós, estamos en:
UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS
EQUIPO DE PREVENCIÓN
C/Otero Pedrayo s/n
Monforte de Lemos (Lugo)



Tlf. 982 400495
Fax - 982 405172

